

Paderne

Obras no municipio

Paderne segue a mellorar a rede de infraestruturas locais.

Páx. 2-5

Entrevista ao alcalde

César Longo analiza a evolución da actualidade no municipio.

Páx. 6-7

Paderne en pandemia

O goberno local e a veciñanza adáptase á situación sanitaria.

Páx. 12-13

Loita contra a velutina

Plan para frear ás velutinas en espazos públicos e privados.

Páx. 23

Reserva de Biosfera

Paderne organiza formacións e expande a súa marca dentro da Reserva.

Páx. 26-28

A cultura mariñeira reloce na Aula da Ría de Paderne



Unha das actividades municipais organizadas nas instalacións

As instalacións da Aula da Ría, situadas en Chantada, na parroquia de Souto, confórmanse como un dos espazos de referencia para a difusión dos valores patrimoniais, naturais e ambientais de Paderne, das augas

da ría de Betanzos e de toda a súa contorna.

Trátase dunha antiga escola rehabilitada polo Concello no marco dos Plans Estratégicos Zonais (PEZ) dentro do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013. Na actua-

lidade funciona como centro de interpretación a través do programa 'Paderne e a cultura mariñeira'.

Ademais de acoller exposicións abertas ao público, este espazo recibe visitas escolares e serve como punto de

atracción turístico ao estar situado preto do percorrido do Camiño Inglés.

A Aula da Ría xoga un papel vital tanto para o municipio como para os concellos limítrofes á hora de fomentar o coidado da natureza.

O Concello pecha as contas en positivo

A liquidación das contas do exercicio do 2020 constata un excepcional resultado financeiro para Paderne, cun superávit orzamentario de 507.907,41 euros. A este dato súmase o remanente de tesorería para gastos xerais, que alcanzou os 2.967.907,41 euros.

Unión no municipio fronte aos eólicos

O goberno local e a veciñanza manifestaron o seu rexeitamento ao proxecto do parque eólico de Pena do Corvo, cuxa liña de evacuación atravesaría o límite municipal de Paderne. Concello e cidadanía presentaron 400 alegacións en contra da súa construción.

ORRAS

O Concello, co apoio da Deputación, destina un total de 232.000 euros para executar traballos de renovación na parroquia de Souto

Avanza a conexión peonil entre a ponte do Lambre e Ponte do Porco

A Deputación construíra unha senda incluída na ruta do Camiño Inglés

Unha das grandes demandas da veciñanza de Paderne e de Miño converterase en realidade. A Deputación da Coruña executará a construción dunha senda peonil que conectará a ponte do Lambre e Ponte do Porco á beira da estrada DP-4804, nun percorrido que se es-



O presidente da Deputación e os alcaldes de Paderne e Miño visitan a zona

tenderá ao longo de 1,3 quilómetros e que está incluído dentro do itinerario do Camiño Inglés a Santiago de Compostela.

Conexión crucial

Os alcaldes de Paderne e Miño, César Longo e Manuel Vázquez Faraldo, recibiron no mes de febreiro do 2021 ao presidente da Deputación, Valentín González Formoso. A xuntanza serviu como anuncio dun proxecto “totalmente necesario para unha conexión crucial para toda a comarca”, segundo explicou o rexedor padernés.

Máis de 230.000 euros para mellorar Paderne

O Concello de Paderne, a través do Plan Único da Deputación da Coruña, investiu 232.000 euros en executar diversas melloras na parroquia de Souto. Entre estes proxectos estivo a substitución

do firme de varias vías nos núcleos de Chantada e Souto; a pavimentación dun camiño na N-651; o acondicionamento de Fonte Maceira e a súa contorna; a ampliación da rede de saneamento en San

Mamede e en Souto de Abaixo; e, finalmente, a mellora e rexeneración da iluminación pública no lugar de Insua. Todas as actuacións permitiron incrementar a calidade de vida da veciñanza do concello.



César Longo e Valentín González Formoso comprobamos os traballos

O Concello procura o apoio do Goberno central

O alcalde de Paderne, César Longo, recibiu no mes de agosto a visita da subdelegada do Goberno en Galicia, María Rivas, e o coronel xefe da Comandancia da Garda Civil da Coruña, Francisco Javier Jambrina.

Entre as temáticas abordadas nesta xuntanza estivo a necesidade de mellorar os accesos á praia da Xurela debido ao gran número de vehículos que dificultan o paso e o tránsito das persoas residentes na zona.

A reunión tamén estivo centrada en proxectos que afec-

tan á estrada N-651, así como a cesión de varios tramos da mesma ao Concello. Neste sentido, César Longo incidiu na importancia de ampliar a cobertura de banda ancha nos núcleos rurais, así como a reforma do sistema

O alcalde transmitiu a necesidade de axilizar intervencións no municipio

de iluminación público e a intervención de Costas do Estado para impulsar a recuperación da Ribeira de Paderne.

OBRAS

O plan local de renovación de infraestruturas do último ano incluíu diversas actuacións en Quintas, Velouzás, Vigo, Vilamourel e Viñas

Novo firme para estradas e camiños nas parroquias de Quintas e Vilamourel



Traballos de aglomerado nas vías municipais

Os proxectos de renovación destas vías supuxeron un investimento superior aos 80.000 euros

Dentro do plan de mellora da rede de infraestruturas municipais, o Concello de Paderne executou a renovación do firme en camiños e estradas das parroquias de Quintas e Vilamourel. O investimento total foi superior

aos 80.000 euros.

En primeiro lugar, a través do Plan de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas 2021-2022, pavimentáronse con aglomerado camiños en Vilamourel a través dunha partida

de 51.405 euros. Por outra banda, dedicouse un importe de 30.236 euros a través do POS+ 2020 da Deputación para o aglomerado do núcleo de Loibo, na parroquia de Quintas, e no lugar da Calzada, na parroquia de Vilamourel.

Asfaltados en núcleos de Viñas

Os traballos de conservación e de renovación da rede de estradas e camiños municipais de Paderne estiveron tamén presentes na parroquia de Viñas. Logo de realizar tarefas de retirada de masa vexetal e de limpeza das marxes das vías, os operarios procederon ao asfaltado de varias estradas.

Entre os puntos beneficiados polas obras atópase o núcleo urbano de Lambre, a conexión entre Lambre e As Mámoas, entre Tixoso e Ponte do Pedrido, de Insua a Hurmeiro, o camiño da Fonte de Insua e o núcleo da Aldea de Arriba.

Renovación da Fonte Maceira

Entre as actuacións realizadas polo Concello para poñer en valor bens patrimoniais do municipio, impulsouse a renovación da Fonte Maceira, en Condós (Velouzás), e a súa contorna.

O importe destinado para estas tarefas alcanzou os 35.326 euros. Esta intervención, xunto á executada no lavadoiro de Esperela, en Vigo, pon de manifesto o importante esforzo municipal polo coidado dos bens patrimoniais de Paderne.

Investimento de 28.500 euros para a posta en valor do lavadoiro de Esperela



O Concello, dentro do seu plan de coidado de espazos tradicionais e arraigados na cultura popular do municipio, destinou unha partida de 28.516 euros para a posta en valor do lavadoiro de Esperela, na parroquia de Vigo.

ORRAS

Grazas a financiamento provincial e europeo, o goberno local puxo en marcha varios proxectos de renovación de firmes no municipio

Continúa a actualización da rede de infraestruturas e servizos locais



Operarios durante os traballos de acondicionamento

Calzada (Vilamourel). Trátase dunha actuación que pretendeu incrementar os beneficios económicos de todas as explotacións agrícolas da contorna, a súa reestruturación e modernización.

O obxectivo pasa por mellorar as prestacións para negocios e particulares

Outro dos obxectivos pasa por facilitar a súa participación e orientación cara a novos mercados, así como ampliar o grao de diversificación agrícola local. Coa transformación dos antigos asfaltados en firmes de aglomerado conséguese unha importante mellora de prestacións e un incremento notable das condicións de circulación polas vías.

Executáronse aglomerados en puntos como Sartaña

O Concello de Paderne, a través dunha axuda cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

O Concello dispuxo de financiamento europeo para completar as actuacións

dun importe total de 45.302 euros, completou a primeira fase do proxecto de aglomerado e acondicionamento de accesos en Sartaña, A Rúa e A

Importante apoio económico provincial para a mellora de pavimentos no termo municipal

Proseguen os traballos de renovación e mantemento da rede de infraestruturas e servizos de Paderne. Nesta liña de actuacións, o Concello completou un investimento de 99.427 euros dentro do POS+2019 da Deputación da Coruña para

executar melloras en diversas vías, espazos públicos e núcleos

O investimento alcanzou os 99.500 euros a través do POS+2019 da Deputación da Coruña

poboacionais do termo municipal.

Dentro desta gran relación de obras inclúense tarefas de retirada de masa vexetal, limpeza das marxes das estradas, pavimentación e substitución de firme danado polo paso

do tempo ou o seu uso prolongado e o correspondente pintado da sinalización viaria. Así, realizáronse obras de mellora nos núcleos urbanos da Lameira, Lambre e Aldea de Arriba, en Insua, para asegurar a comodidade e seguridade da veciñanza.

Tamén se melloraron camiños nos lugares do Cruceiro, Telleiro, O Francés, Xebedo, A Puceira e A Fonte, ademais das conexións entre Campeiro e Caserón, Lambre e As Mámoas, Tixoso e Ponte do Pedrido e Insua e o lugar do Hurmeiro.

OBRAS

Ademais das intervencións completadas ao longo do último ano, Paderne encara novos plans de mellora nos vindeiros meses



Os traballos de mellora executáronse en Bión e Costa de Lucas

Mayor eficiencia no saneamento de San Mamede, en Vigo

O Concello destinou 60.000 euros para estas actuacións

Unha rede de saneamento con maior rendemento e eficiencia

enerxética e económica. O Concello de Paderne, a través dun investimento de 60.038 euros, executou a mellora desta infraestrutura en San Mamede, na parroquia de Vigo.

Calidade de vida
Concretamente, os traballos realizáronse

nos lugares de Bión e Costa de Lucas. A optimización do servizo supón un notable avance na calidade de vida da veciñanza e tradúcese nunha redución directa de custos derivados do mantemento e das reparacións para as arcas municipais.

Traballos de asfaltado das pistas de Chantada

Entre as actuacións realizadas no termo municipal durante o último ano, o goberno local rematou a renovación integral das vías do núcleo de Chantada, na parroquia de Souto. O orzamento total destinado a esta in-

tervenção foi de 32.745 euros a través do POS+ 2019 da Deputación da Coruña.

Os traballos incluíron a pavimentación do firme con asfalto de todas as vías do núcleo.

Aglomerado de vías na aldea de Gas

O POS+ 2019 da Deputación da Coruña incluíu unha partida de 40.000 euros para realizar traballos de aglomerado e renovación en varias vías do núcleo de Gas, na parroquia de Souto.

OBRAS CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA

- ◆ **Obras nas escolas infantís de Areas e Viñas**
161.500 euros
- ◆ **Rehabilitación e posta a punto para a próxima tempada da piscina municipal en Velouzás**
47.200 euros
- ◆ **Reforma do polideportivo municipal en Viñas**
87.900 euros
- ◆ **Acondicionamento da nave-almacén municipal en Velouzás**
43.500 euros
- ◆ **Substitución e adecuación de parques infantís**
150.000 euros
- ◆ **Renovación do parque móbil do Concello**
35.000 euros

“A falta de contacto coa veciñanza na pandemia supuxo quitarnos o noso ADN”

Superado o ecuador do mandato, o alcalde de Paderne ten claro que a covid-19 marcou os tempos e o ritmo de traballo no día a día. Ano e medio desde o decreto do estado de alarma, sinala que a “prudencia” segue a ser a mellor conselleira e indica que a saúde da veciñanza ten que ser a máxima prioridade. Longo avanza que, ata finais de mandato, verán a luz importantes proxectos cos que se buscará mellorar as infraestruturas e servizos do municipio

Que balance fai destes dous últimos anos e medio?

A realidade é que estes dous anos e medio estiveron marcados pola pandemia e, en lugar de estar atendendo os veciños e veciñas, tivemos que centrarnos en frear o impacto da covid-19. Impulsamos medidas de prevención determinadas polo confinamento e tratamos de cubrir as necesidades da veciñanza. Era un fenómeno ao que non estabamos acostumados e no que non tivemos contacto cos veciños e veciñas. Algo que é importante nun concello como o de Paderne.

Como di, a covid-19 está sendo, sen lugar a dúbidas, un

dos temas do mandato. Que medidas adoptou Paderne cando irrompeu a crise sanitaria?

Unha vez que comezou o confinamento intentamos atender, desde os Servizos Sociais, todas as necesidades que puidesen ter as persoas maiores: desde atención médica, ata ir á compra ou calquera outro servizo. Dentro disto entrou o reparto de máscaras e un proceso para comprobar se tiñan outras necesidades urxentes. Viñeron tamén importantes desinfeccións en espazos públicos. Así mesmo, adoptáronse medidas extraordinarias nas escolas, na atención aos nenos, servizos de madrugadores, etc.

Como afectou o confinamento domiciliario no seu labor e no do resto do equipo de goberno?

Limitounos moito. A falta de contacto coa veciñanza durante a pandemia supuxo quitarnos o noso ADN. Pasar dese trato de atención ao público directa a ter citas previas, a instalar biombos nos accesos públicos, empregar máscara, limita, evidentemente, o trato ao que estabamos acostumados coa veciñanza. Foi moi duro.

Agora que a poboación diana xa está vacinada, en moitos



concellos estase volvendo pouco a pouco ás actividades presenciais. É tamén o caso de Paderne?

A nosa pauta ata o de agora foi a de ser precavidos e manter a calma porque nos preocupa, por enriba de todo, a saúde da veciñanza. Tivemos a sorte de que, ata o de agora, a incidencia en Paderne foi razoablemente baixa. Isto non quere dicir que mañá non poida haber casos. En Paderne imos seguir a liña da prudencia. Somos conscientes de que xa estamos vacinados, por suposto. Estamos comezando a facer as actividades extraescolares e estamos valorando tamén comezar as actividades culturais e deportivas. A maiores, contemplamos retomar un servizo moi agradecido polas persoas maiores como é o de podoloxía.

Ademais das medidas de prevención fronte á covid-19, que outras iniciativas se levaron a cabo nestes dous ano e medio en Paderne?

A atención principal foi para a pandemia. Desde o Concello dedicámonos ao mantemento dos servizos que xa tiñamos: estradas, iluminación pú-

blica, escolas, transporte. Non queriamos que lles faltasen os servizos básicos aos nosos veciños e veciñas.

O Concello rexeitou o plan do parque eólico de Pena do Corvo. Cales son as consecuencias deste proxecto?

A explosión de solicitudes para a construción de macroeólicos foi algo que alarmou moito a veciñanza non só de Paderne, senón de toda Galicia. A nós afectáronos porque o parque eólico Pena do Corvo, que estaría nas Fragas do Eume, forma parte da nosa espiña dorsal. De construírse a liña de evacuación, esta tería un enorme impacto na biodiversidade, na paisaxe e no día a día da veciñanza, que tería estas construcións a 200 metros das súas casas. O beneficio que isto deixa é cero, provocando malestar no traballo e na saúde dos veciños. No noso concello, a través da Reserva da Biosfera estase levar a cabo

un proxecto no que se poñen en valor as terras, as plantacións ecolóxicas... En Paderne contamos coa primeira plantación de té ecolóxico de Europa, temos o noso Branco Lexítimo... Non é normal e a veciñanza así o manifestou e desde o Concello apoiamos estas reivindicacións dos veciños e das veciñas.

moi ben. Houbo moitos logros, pero un dos máis recentes foi a aprobación do noso Plan de Sustentabilidade Turística en destino, que permitirá dispoñer de fondos Next Generation para levar a cabo actuacións turísticas no noso territorio. Trátase dun millón e medio de euros que nos servirán para investir nos 17 concellos que forman parte da Reserva para construír, por exemplo, unha rede de puntos de recarga de vehículos e barcos eléctricos, entre outros investimentos.

Que proxectos verán os veciños e veciñas de Paderne nos vindeiros meses?

Se a pandemia nos deixa, temos unha serie de actuacións con aglomerados nas principais vías de comunicación do concello, de norte a sur e de leste a oeste. A idea é transformar as vías en asfalto a aglomerado. No orzamento de 2022 mobilizaremos os remanentes

de tesourería doutros anos, porque agora déixannos gastalos. A idea é que con eses cartos poidamos adecuar os nosos parques infantís, por exemplo. Tamén queremos actuar nas escolas unitarias e queremos poñer en marcha a piscina para que o vindeiro verán poida empregarse, así como a pista polideportiva municipal. No ámbito do emprego queremos impulsar o emprendemento coa reactivación do Coworking de Souto, en Paderne. Rehabilitaremos tamén un edificio en Souto para a incubadora de empresas, do que xa temos o proxecto aprobado. Para iso temos que facer unha reforma. Así mesmo, levaremos a cabo un proxecto a través dunha axuda do IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía) para renovar o sistema de iluminación do concello empregando tecnoloxía que garanta a eficiencia enerxética. Tamén queremos rematar unha traída de auga para as parroquias de Paderne. Queda ano e medio e todo o equipo está convencido de que nos pode dar tempo para facer todos estes proxectos realidade ou, polo menos, para ter todas estas obras comezadas.

“En Paderne imos seguir a liña da prudencia. Non por acelerarnos imos poñer en risco á veciñanza”

Como vicepresidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, cal é o seu papel?

Como reflicten os estatutos, o vicepresidente está para complementar e substituír o presidente. Á parte, o meu obxectivo é complementalo, e creo que nese sentido estamos facéndoo

CÉSAR LONGO

Alcalde do Concello de Paderne



A directora xeral de Agader, Inés Santé, e o alcalde de Paderne, César Longo, nunha visita a Esperela (imaxe de arquivo)

A aldea modelo de Esperela como exemplo de rendibilidade agraria

Este proxecto do Agader busca a posta en valor das zonas rurais

Todo un exemplo de rendibilidade agraria para o resto da comunidade. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), co apoio do Concello de Paderne, impulsa o

proxecto de creación dunha aldea modelo no núcleo de Esperela. Esta iniciativa, que se desenvolvería a modo de ensaio, ten como obxectivo contribuir ao asentamento poboacional en es-

O obxectivo pasa por fixar poboación impulsando actividades agrícolas ou gandeiras

pazos rurais a través do apoio á creación de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais. O impulso do polígono agrario de Paderne iría incluído dentro deste paquete de medidas.

O GALP Golfo Ártabro Norte presenta directiva e axudas ao sector pesqueiro

Movimentos no GALP Golfo Ártabro Norte coa convocatoria de axudas para proxectos das entidades empresariais da zona costeira e coa nova directiva para catro anos, elixindo de novo ao alcalde de Paderne, César Longo, como vicepresidente. O presidente é, polo seu lado, o patrón maior da Confraría de Pescadores



A nova directiva do GALP Golfo Ártabro Norte

de Miño, José Manuel Fernández Lage.

Entrando ao detalle das axudas, remarcouse a súa importancia para a zona e a necesidade dos investimentos e a mellora na promoción do sector, por exemplo, coa valorización dos produtos. É por iso vital que se vinculen os proxectos con este obxectivo, que conta con case 700.000 euros. Destacan na listaxe aqueles sobre a loxística dos produtos pesqueiros.

O Concello e a veciñanza únense contra o eólico de Pena do Corvo

O alcalde advertiu do grave impacto ambiental e paisaxístico do proxecto

TrECE aeroxeradores de case 200 metros de altura, liñas de tensión con torretas de 39 metros e dúas subestacións que se instalarían ao longo duns 50 quilómetros desde Monfero ata Mesón do Vento, atravesando Paderne. Así sería o eólico de Pena do Corvo, promovido por Iberdrola Energías Renovables S.A. O proxecto, que suscitou unha enorme contestación en Paderne, recibiu un informe negativo por parte da Xunta de Galicia.

Ante a posibilidade de que este macroeólico saíse adiante, o Concello,



Plano da liña de evacuación do parque eólico

a veciñanza e o tecido empresarial uníuse en contra desta construción. Tanto así, que entre o Concello e a cidadanía presentáronse preto de 400 alegacións en

contra deste proxecto. O alcalde incide no compromiso do goberno local “coa adopción de medidas que respecten o medio ambiente e, en particular, co emprego de enerxías renovables, pero non así”. Longo sina-

No período de exposición pública presentáronse preto de 400 alegacións ao proxecto

la que o eólico tería “numerosos efectos negativos para o municipio, tanto a nivel medioambiental como paisaxístico”. A isto habería que sumar, ademais, “o impacto na cali-

dade de vida da veciñanza, xa que as liñas construíranse a poucos metros das vivendas”, explica.

Apoio xurídico

Ao longo de todo o proceso, o Concello ofreceu á cidadanía información sobre o proxecto e apoio técnico e xurídico.

O Concello instou á Consellería de Economía, Emprego e Industria a reformar o Plan Eólico de Galicia, así como a declarar Paderne como un municipio libre de futuras subestacións similares ao proxecto de Pena do Corvo. Ademais, desde a Administración local deuse traslado deste acordo ao Ministe-

rio para a Transición Ecolóxica, así como á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Dirección de Calidade e Avaliación Ambiental, solicitando a paralización do proxecto.

Afección na economía

O proxecto xerou, ademais, un enorme rexeitamento entre o tecido empresarial de Paderne e, moi especialmente, entre o sector primario. Compañías como Orballo, Seitura, Bodegas Beade e Queixos Cagiao alzaron a voz en contra deste macroeólico, advertindo das afeccións que esta construción tería sobre os resultados nas súas explotacións.



Pancarta na Casa do Concello contra o eólico



Unha das actividades organizadas polo Concello nas instalacións

Aula da Ría: fomento dos valores naturais nun espazo de referencia

Este centro situado en Chantada busca poñer en valor a ría de Betanzos

O edificio da Aula da Ría, situado en Chantada, na parroquia de Souto, consolídase como espazo de referencia para o coñecemento da cultura mariñeira e dos valores patrimoniais, naturais e am-

bientais de Paderne e da ría de Betanzos.

Esta antiga escola foi rehabilitada polo Concello ao abeiro dos Plans Estratéxicos Zonais (PEZ) no marco do Fondo Europeo de Pesca 2007-

2013. Converteuse nun centro de interpretación con contido dotado mediante o proxecto do programa 'Paderne e a cultura mariñeira'.

O espazo da Aula da Ría xoga un papel vi-

tal tanto para o municipio de Paderne coma os concellos limítrofes á hora de fomentar os valores culturais e naturais entre a veciñanza, incluídos alumnos e alumnas de centros escolares da contorna.

Reinicio das excursións escolares cun percorrido polos Muíños de Chantada

Despois de moitos meses sen saír do recinto escolar, as nenas e nenos de

educación infantil de Paderne participaron en xuño nunha saída organizada polo Con-

cello cos Muíños de Chantada, o Potro e a Aula da Ría como eixo central dunha

xornada diferente e moi especial.

Sen descoidar as medidas de prevención contra a covid-19, a rapazada gozou dunha visita guiada pola zona e puido coñecer as especies animais e vexetais que habitan o municipio. Tamén indagaron no funcionamento dos muíños de auga e os usos que se facía deles antigamente, así como a súa importancia na ruta do Camiño Inglés.

Campaña para poder sensibilizar a rapazada

O Concello realizou unha campaña de sensibilización ambiental dentro do proxecto 'Adecuación e rexeneración do patrimonio medioambiental e accesos a zonas marisqueiras' durante outubro do 2021.

O programa formativo impartíuse nas dúas escolas de educación infantil e na Aula da Ría para alumnado de primaria do municipio.



O alumnado de Infantil de Paderne, durante a visita

PAUTAS DE RECICLAXE



VERDE

Materia orgánica
En bolsas pechadas



AMARELO

Envases, plásticos,
latas e bricks



AZUL

Papel e cartón
Sen restos de aceite



IGLÚ-VERDE

Vidro, frascos e tarros



OUTROS

Vísceras de matanzas caseiras, animais mortos
Céspedede de xardín e restos de podas

Os **primeiros mércores de mes** é o día sinalado para depositar os mobles ou electrodomésticos ; está prohibido facelo en calquera outra data. Debemos telo en conta e mostrar un comportamento cívico e respectuoso, **axudando** así á boa convivencia e ó coidado do noso entorno.

Pódese usar estes restos para compostar
Isto supón unha boa alternativa á incineración.



COVID19

A chegada dunha pandemia mundial sen precedentes activou diversos plans municipais para frear o avance da enfermidade

Paderne combateu a pandemia coa desinfección de espazos públicos

Leváronse a cabo estes labores nas escolas, en parques infantís e nos accesos ás sedes das empresas

Nun momento de incerteza como foi a irrupción da covid-19, o goberno local de Paderne traballou para garantir a seguridade de todos os veciños e veciñas. Proba dese compromiso foi a posta en marcha dun ambicioso plan de desinfeccións de espazos públicos. Para levalo a cabo, o Concello asumiu a contratación de varios equipos de desinfección que centralizaron estes labores nos seguintes puntos: na administración, no centro de saúde, en parques infantís, nas escolas de educación infantil e nos accesos a cafeterías, super-



O Concello centrou esforzos na posta a punto dos lugares de encontro da veciñanza, como os parques

mercados e, en xeral, ás empresas. “En Paderne decidimos non descoidar estas tarefas para garantir que estes lugares estivesen limpos e desinfectados para o uso da veciñanza”, indica o rexedor.

Centros educativos

O Concello centrou esforzos na desinfección dos centros educativos do municipio. Así, malia que estes labores se adoitaban realizar ao remate da xornada escolar, os equipos de desinfección comezaron a

traballar en horario lectivo, complementando estas tarefas coas de limpeza. Máis aló do propio centro, o Concello actuou tamén nas marquesiñas de transporte público que os escolares empregan para desprazarse aos centros de ensino doutros municipios.

Adelanto das rozas

O goberno local decidiu, así mesmo, adiantar as rozas no termo municipal. O obxectivo foi outro reforzar a posta a punto dos espazos públicos.



Os equipos de traballo, no centro de saúde



Desinfeccións nos accesos ás sedes das empresas do municipio



As marquesiñas foron obxecto de desinfeccións

COVID19

As medidas de contención do virus incluíron a cancelación de eventos, o reparto de material sanitario e un protocolo escolar

Un inicio do curso escolar adaptado ás normativas covid-19



Instalacións da Escola Infantil de Areas

Contratouse a coidadores para vixiar o respecto das medidas no transporte escolar

Co fin de garantir que o inicio do curso escolar se realizase con todas as garantías para o alumnado, o Concello

adoptou un protocolo covid-19 aplicable aos dous centros de educación infantil de Paderne: a escola de Areas e a de Viñas. Entre as medidas incluíanse o plan de desinfeccións e outras novidades que afectaban ao transporte escolar. O Concello contratou, no curso 2020/2021, a unha empresa encargada de supervisar o cumprimento das medidas covid-19 du-

rante o uso do servizo de autobús.

Ampliación de rutas

O servizo de bus para a escola de Areas viuse ampliado co traslado de nenos e nenas de Souto á escola de Viñas. Con esta medida, o equipo de goberno buscou favorecer que os residentes de todas as parroquias puidesen acceder ás escolas de educación infantil de Paderne.

O Concello prima a conciliación e pon en marcha o servizo de madrugadores

Co fin de promover a conciliación da vida laboral e familiar entre a veciñanza, o Concello puxo en marcha un novo servizo de madrugadores. Este programa comezou a funcionar na escola de Areas, e está di-

rixido a aqueles pais e nais que non poden compatibilizar os seus horarios laborais coa xornada lectiva dos seus fillos e fillas.

A prestación lévase a cabo de luns a venres e, a través

desta, os cativos e cativas poden acceder ao centro unha hora e media antes do inicio das clases. Durante ese tempo, están acompañados por unha persoa responsable que se encarga do seu coidado.

Reparto de máscaras entre os colectivos vulnerables

O reparto de máscaras entre os colectivos máis vulnerables fronte á covid-19 foi outra das medidas adoptadas polo Concello durante a emerxencia sanitaria. Esta entrega realizábase a través do servizo de Protección Civil, priorizándose o persoal traballador do Servizo de Axuga no Fogar e de Atención á Dependencia. Boa parte deste material estaba dirixido, ademais, ás persoas coidadoras maiores e para o uso da cidadanía en situación de risco, así como para aqueles veciños e veciñas que precisaban desta protección para a realización de desprazamentos. Á parte das propias doazóns de particulares,

estes materiais proviñan da Xunta e da Fegamp, da Deputación da Coruña e da Subdelegación do Goberno.

En febreiro, o Concello realizou un novo reparto. Nesta ocasión, as máscaras

Na entrega de material priorizouse o persoal do SAF e de Atención á Dependencia

estiveron destinadas aos alumnos e alumnas das escolas, así como á cidadanía con prestacións por Dependencia, Axuga no Fogar, Xantar na Casa, Teleasistencia, e aos socios do Centro de Maiores.

Cancelación de eventos para evitar aglomeracións

O Concello de Paderne decidiu cancelar, o ano 2021, algúns dos eventos máis multitudinarios do calendario anual. Foi o caso da Queima do Entroido, das comparsas e choqueiros propios da época de Carnaval, así como do acto en conmemoración do Día da Muller ou o aniversario do Centro de Maiores. En todo os casos, trátase de citas arraigadas no municipio e que atraen, ano tras ano, a unha gran cantidade de públi-

co asistente. Foi por iso, precisamente, polo que o goberno local adoptou a decisión de cancelar estas citas, agardando retomalas unha vez que a situación sanitaria sexa favorable.

No caso da Cabalgata de Reis, as Súas Maxestades de Oriente realizaron un percorrido polas parroquias de Paderne, pero non se levou a cabo o tradicional reparto de caramelos nin a recepción real.

Un sistema de iluminación máis sostible e eficiente para Gas e Porto

O Concello, co apoio da Xunta, destinou 42.000 euros a estas obras

O Concello de Paderne continúa coa súa aposta por mellorar a rede de infraestruturas locais. Nesta ocasión executou traballos a través dunha subvención solicitada á Xunta de Galicia por unha partida que ascende ata os 41.666 euros para realizar tarefas de renovación no sistema de iluminación público situado nos lugares de Gas e Porto e na parroquia de Viñas.

Medioambiente

Co obxectivo de construír un muni-

cipio máis sostible e adaptado á realidade medioambiental,

a partida destinada para renovar os puntos de luz permiti-

rán unha optimización do seu consumo enerxético e o seu custo económico.



Novos puntos de luz na parroquia de Viñas

Isto supoñerá un beneficio directo para a veciñanza de Gas e Porto, pero tamén en xeral para toda a poboación de Paderne. Esta axuda solicitouse dentro do programa de mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos no 2020. Estas subvencións están concedidas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Novo centro de día na comarca para asegurar o coidado das persoas maiores dependentes

Un novo centro de día na comarca, situado en Miño, xa permite un maior nivel de coidados e protección para os cidadáns maiores en situación de dependencia da zona. Estas instalacións, que se localizan nunhas dependencias do lugar de Regueira que pertencían ao Arcebispado, ten 30 prazas para os maiores da contorna.

O centro está sendo xestionado polo propio Concello de Miño, que une forzas co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Conse-

llería de Política Social da Xunta de Galicia. Na súa presentación pública estivo tamén presente o Concello de Paderne a través do seu alcalde, César Longo, xa que a veciñanza do municipio pode optar a este servizo.

Salas

Entre os servizos aos que pode acceder unha persoa usuaria poden enumerarse un servizo de comedor, outro de rehabilitación, de enfermaría e curas ademais dun espazo polivalente para diversas actividades. Deste



Inauguración das instalacións

xeito quedan cubertas todas as necesidades que se poidan ter neste lugar, no que os maiores que-

dan atendidos, coidados e entretidos durante o día. Este tipo de centros contan cunha alta de-

manda social e o seu servizo viuse suspenso durante os momentos máis duros da pandemia.

O Concello negocia a solución ás trabas ao autobús escolar



Parte do estudiantado padernés viuse obrigado a pagar os seus desprazamentos

O obxectivo é manter a igualdade de condicións do alumnado

O Concello de Paderne tivo que realizar diversas xestións para asegurar o servizo de transporte escolar entre o alumnado do municipio. A Xunta de Galicia anunciou, logo de redeseñar o sistema de traslado de escolares, que esta prestación pasaría a estar xestionada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e non a de Educación, como ata aquel momento.

Logo deste cambio, parte do alumna-

do padernés viuse obrigado a pagar o seu desprazamento, antes gratuíto, para poder acudir á clase con normalidade. Esta situación xerou un fondo malestar nas familias afectadas, que tiveron que comezar a asumir unhas contías de maneira inesperada. O Concello de Paderne comezou a establecer conversacións con outras Administracións de municipios afectados, institutos da zona e coas empresas responsables das liñas de transporte para intentar resolver a situación.

O goberno local insistiu na necesidade de que non se continuase cobrando ás familias, unha decisión xeograficamen-

te discriminatoria.

Así, e tras as presións realizadas á Xunta de Galicia para que puxese solución a este agravio, conseguiu-se que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establecese o compromiso de manter durante todo o curso as mesmas condicións que en anos anteriores.

Harmonizar

Outro dos compromisos que o Concello de Paderne agarda que se respecte durante os próximos cursos académicos é a igualdade de condicións para todos os escolares da ensinanza pública de Galicia. O obxectivo pasa por harmonizar propósitos entre a autoridade competente e os centros escolares de cada municipio.

Novo impulso ao emprego e aos servizos locais

O goberno local contratou no mes de xuño de 2021 a cinco peóns e un tractorista-condutor para a realización de servizos municipais ao abeiro do programa PEL Concellos Reactiva da Deputación da Coruña.

Os traballos a realizar foron variados e incluíron as tarefas de eliminación de masa vexetal, a limpeza de vías, o abastecemento domiciliario de auga potable, o mantemento da rede de sumidoiros e o sistema de iluminación pública. Entre os

seus principais cometidos estivo a conservación dos espazos públicos con especial atención nos meses de verán, nos que a maleza require dun mantemento conti-

As tarefas de limpeza realizáronse especialmente durante os meses de verán

nuo para o benestar tanto da veciñanza como das persoas visitantes que se achegan ao termo municipal.

Paderne coida os seus areais e espazos mariños



Unha subvención de 12.597 euros da Deputación da Coruña permitiu contratar tres peóns para limpar e rozar as zonas mariñas e de baño.

SOMOS OBRADOIROS BARRABO



A formación como primeiro paso para a busca de emprego

Os obradoiros de emprego constitúense como un dos mellores métodos para incrementar os niveis de empregabilidade entre a poboación. O Concello de Paderne, seguindo este obxectivo, participou neste 2021

en diversos programas formativos conxuntos con outros municipios para dinamizar a busca de emprego. Entre os obradoiros clausurados a finais de ano destacan: 'Reserva da Biosfera: Emprego Forestal', con

Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós e Oza-Cesuras; 'Formación para a empregabilidade', con Abegondo, Betanzos, Carral e Coirós; ou a primeira edición do 'Artabroemprende', con Cabanas, Miño, Mon-

fero e Pontedeume. Por outra banda, introducíronse novas formacións como a segunda edición do 'Artabroemprende' ou o obradoiro 'Reserva da Biosfera: Emprego Verde', en ambos os casos cos mesmos municipios.



1. Clausura do obradoiro 'Formación para a empregabilidade'
2. Clausura do obradoiro 'Reserva de Biosfera: Emprego Forestal'
3. Presentación da formación 'Reserva de Biosfera: Emprego Verde'
4. Clausura da primeira edición do obradoiro dual 'Artabroemprende'



Plan de rescate a autónomos polos danos do coronavirus



As subvencións chegaron a través do PEL Reactiva da Deputación da Coruña

Paderne dispuxo de axudas provinciais en favor da recuperación económica

Os paderne- ses que con- tan cunha mi- croempresa ou son autónomos puideron recibir axudas econó- micas grazas ao plan PEL Reactiva que impulsou a Deputación da Coruña. Esta é unha liña que reci- be financiamento a través do fondo para a reactivación eco- nómica e social da provincia da Coruña e que estivo destina- da aos concellos cun total de menos de 50.000 habitantes. Unhas axudas que buscan a recupera- ción destes colec-

tivos e que chega- ron rapidamente no 2020 tras as durísi- mas consecuencias da pandemia da co- vid-19. Uns efectos do virus que aínda se deixan sentir en todo o mundo, pero que sobre todo gol- pearon á economía española co primeiro confinamento, entre marzo e maio do ano 2020.

Puideron beneficiar- se desta liña de axu- das aquelas persoas autónomas con ou sen traballadores ao seu cargo. No caso das microempres- as, tiñan que ver- se afectadas polo peche derivado do estado de alarma. O terceiro requisito é que tivesen que acollerse a un ERTE. As empresas debían estar rexistradas an- tes da declaración de estado de alarma pola situación da en- fermedade.

Axudas á xuventude que decide emprender

A Deputación da Co- ruña bota unha man aos mozos incorpo- rados ao réxime de autónomos como persoas físicas ou xurídicas desde o 1 de abril de 2019 que promovan iniciativas empresariais de nova creación. Foi me- diante o programa PEL Rurinnova-Xu- ventude Emprende- dora, unha iniciativa adicada a mozos de concellos rurais de menos de 5.000 habi- tantes ou de 5.001 a 10.000 con saldo de- moográfico negativo. As bases sinalan que se busca o fomento do autoemprego e a creación de empre- sas a través de ac- cións e medidas cara ao desenvolvemento de iniciativas empre- sariais da xuventude mediante o traballo autónomo.

A contía das axudas, que estiveron aber- tas ata o pasado mes de abril, oscila entre un mínimo de 4.050 euros e un máximo de 8.100 euros por alta. O goberno pro- vincial sinala que as bases indicaban que o pagamento dos cartos que se entre- gasen a cada mozo que cumprise os re- quisitos sería a tra- vés dun único pago polo importe máxi- mo do total da axuda segundo o cálculo mensual que corres- ponda.

Outro requisito é que estes mozos teñen que estar inscri- tos no Programa de Garantía Xuvenil, un programa que é im- pulsado polo Estado.

Os municipios rurais reciben un impulso para a contratación xuvenil

O tecido empre- sarial rural recibiu unha axuda durante a práctica totalidade do ano 2021 por parte da Deputación da Coruña para a con- tratación indefinida de mozos que se ato- pen no programa de garantía xuvenil.

Esta proposta do ente provincial ten como obxectivo que

as empresas e em- pregadores poten-

A Deputación apostou por potenciar os contratos indefinidos entre a mocidade

cien os contratos de duración indefinida, que ofrecen maiores prestacións e protec-

ción ás persoas asa- lariadas. Os mozos teñen que atoparse empadroados dentro de concellos de me- nos de 5.000 habitan- tes, ou ben de muni- cipios de entre 5.001 a 10.000 habitantes pero que contén cun saldo demográfico negativo.

A contía pola contra- tación destes mozos

desempregados é variable: por em- presa a cifra móve- se entre os 2.700 euros e un máximo de 28.500 euros. O pago dese montante consta de tan só un único pago polo im- porte máximo do total da axuda segun- do o cálculo mensual que corresponda en cada un dos casos concretos.

Paderne alcanza os 500.000 euros de superávit nas contas do 2020



Casa do Concello de Paderne

O remanente de tesourería para gastos xerais sitúase nos 3 millóns de euros

A liquidación das contas do exercicio do 2020 constatan un bo resultado financeiro para Paderne nun período condicionado polas restricións sociais e sanitarias derivadas da expansión da covid-19. Deste xeito, o municipio finalizou o ano cun superávit de 507.907,41 euros. Este

bo dato súmase ao do remanente de tesourería para gastos xerais, que alcanzou os 2.967.907,41 euros.

Trátase, segundo explicou o alcalde, César Longo, dun “balance económico moi positivo que, agora que contamos co permiso

Trátase dun bo resultado financeiro nunha etapa condicionada pola covid-19 e as restricións

para empregar estes fondos, posibilitarán unha importante mellora dos servizos

municipais e da nosa rede de infraestruturas”.

Futuras actuacións

Entre os proxectos que se poñerán en marcha no 2022 con cargo ao remanente de tesourería atópanse actuacións de rehabilitación nos centros escolares de Viñas e Areas; a substitución e acondicionamento de parques infantís; a posta a punto da piscina en Velouzás de cara á próxima tempada; a reforma do polideportivo en Viñas; ou a adecuación das instalacións da nave-almacén municipal en Velouzás.

Fondos europeos para dous grandes proxectos

Paderne, dentro da relación de operacións que iniciará ao longo do 2022 con cargo ao remanente de tesourería, contará cun importante impulso por parte da Unión Europea a través dos fondos Next Generation.

Entre as actuacións que recibirán financiamento europeo atópase o plan de renovación de todos os puntos de iluminación do municipio. Esta inter-

vención terá un orzamento de 900.000 euros dos que o Concello aportará o 20% do total.

O segundo gran proxecto que se levará a cabo é a rehabilitación da incubadora de empresas de Souto, unha intervención á que se destinará unha partida de 1.059.538,44 euros. Do mesmo xeito, esta actuación estará cofinanciada nun 20% por fondos municipais.

Unha axuda de ata 2.400 euros por cada fillo menor de tres anos

Búscase impulsar a natalidade no municipio

O apoio á natalidade mediante un pagamento único por cada menor de 3 anos dentro da unidade familiar e que resida en Galicia é unha das grandes apostas para impulsar a natalidade. Esta é unha política prioritaria para as institucións públicas co desexo de tratar de rachar coa fenda demográfica, que de maneira máis intensa sofren os municipios do rural.

Os cartos deste programa autonómico,



Instalacións da Escola Infantil de Viñas

que pretenden así axudar nos importantes gastos derivados de criar un neno ou nena, varían se o fillo é o primeiro ou non. As contías van desde os 360 euros por un primeiro fillo ou filla de menos de 3 anos. Se é a segunda crianza, a cantidade alcanza os 1.200 euros, mentres que se é a partir do terceiro, os 2.400 euros.

Condicións

Consta dun pagamento único e, ademais, cada fillo só pode ser beneficiario nunha ocasión das axudas. Entre os beneficiarios tamén se atopan as unidades familiares que teñan crianzas adoptadas.

Vivir en Paderne amplía a contía da Tarxeta Benvida

As familias con residencia habitual en Galicia poden solicitar a Tarxeta Benvida, un pulo económico directo ao peto dos que acaban de ser pais. Xunto a outras medidas de impulso á natalidade, esta tarxeta outorga 100 euros por mes a razón de 12 meses, supoñendo unha contía única de 1.200 euros. A cifra sobe aos 200 euros por mes a partir do terceiro fillo, sumando 2.400 euros nun ano.

Nos municipios de menos de 5.000 habitantes, como Pader-

ne, o dato elévase un 25% para así fomentar a natalidade e fixar poboación na Galicia rural. Para obtela, as familias non poden superar os 45.000 euros de renda sumadas á base imponible xeral e a base imponible do aforro, ou os 13.500 euros de renda per cápita na declaración do IRPF.

Para ter dereito á axuda no segundo ano de vida e ata que o neno cumpra tres anos, a renda da unidade familiar non pode superar os 22.000 euros. Este punto é importante, xa que poden

optar a ela as familias que obtivesen a axuda de carácter xeral de 1.200 euros ou non accedesen a ela por superar os ingresos previstos nas convocatorias do ano 2019 e 2020 e experimentasen unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito a ela.

Como usala?

O pagamento único é cargado a unha tarxeta moedeiro para mercar produtos para o coidado e manutención das crianzas nos establecementos adheridos ao programa.

Bonos á infancia e á dependencia

Unha das liñas de axudas extraordinarias pola situación da covid-19 centrouse en mitigar os problemas de conciliación xerados polo peche dos centros escolares e as instalacións para persoas dependentes.

Entre os gastos subvencionables nesta convocatoria da Xunta de Galicia estivo a contratación de servizos de coidado á infancia, dunha persoa no fogar para atención de crianzas ou a excedencia ou redución de xornada que implique unha

baixada de ingresos.

No caso das persoas dependentes, a prestación estivo dispoñible para aquelas familias que requiriron dun servizo de axuda no fogar contratando, ampliando xornada ou para compensar pola diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada con baixada salarial. O importe máximo foi de 500 euros. Por outro lado, pode optarse ata 100 euros por contratar servizos de estimulación física e/ou cognitiva.

Impulso á conciliación familiar coa apertura da Casa Niño Socaire

**Trátase
dun servizo
gratuíto
cofinanciado
pola Xunta
e por fondos
europeos**

Co remate dos traballos de adecuación da Casa Niño Socaire de Paderne, situada na parroquia de Obre, púxose en funcionamento un servizo gratuíto de atención á infancia desde os tres meses aos tres anos subvencionado pola Xunta de Galicia e Fondos Feder da Unión Europea.

**Esta nova
prestación
está dispoñible
para nenas e
nenos desde
os tres meses
aos tres anos**

Trátase dun impulso ás medidas municipais de conciliación familiar, xa que se lle ofrece á veciñanza un espazo pedagóxico cuxa base é a creación dun vínculo seguro entre nais, pais, docentes e crianzas. Promóvese, ademais, a creación de emprego da muller rural e a natalidade en Galicia, así como o asentamento de poboación.

Para máis información está dispoñible o correo cn.paderne@gmail.com e o 622 338 246.



CASA NIÑO SOCAIRE

SERVIZO
GRATUÍTO DE
ATENCIÓN Á
INFANCIA 0-3

PROXECTO SUBVENCIONADO POLA
XUNTA DE GALICIA E FONDO FEDER

- CRIANZA
RESPECTUOSA
BASEADA NO
VÍNCULO E A
SEGURIDADE
- MOVEMENTO
LIBRE
- MATERIAIS
MANIPULATIVOS
- NATUREZA





CONTACTO E VISITA

 CN.PADERNE@GMAIL.COM

 **622 338 246 LUCÍA**



XUNTA
DE GALICIA



Concello de
Paderne



UNIÓN EUROPEA

Unha maneira de facer Europa

As Aulas de Verán axudan a conciliar a 14 familias de Paderne



Parte dos nenos e nenas participantes

**Este servizo
gratuíto
iniciouse no
ano 2008**

O programa de Aulas de Verán do Concello de Paderne permitiu unha mellor conciliación estival para 14 familias do municipio, nunhas datas nas que os nenos non teñen clase, pero os pais si que teñen que seguir traballando unha parte ou todo o verán.

Un total de 17 menores participaron neste espazo cheo de propostas lúdicas e de ocio. Porque o obxectivo vai máis aló de que este servizo sexa un simple espazo onde deixar os rapaces durante a ausencia dos proxenitores. Nestas aulas, dispoñibles tanto en xullo coma en agos-



Tres rapaces das Aulas de Verán

to, desenvolvéronse actividades para ofrecer un “espazo de lecer e ocio en igualdade de oportunidades”, sinala o rexedor, César Longo.

Na oferta deste programa inclúense propostas desde manualidades a pintura de dedos, pasando por contacontos e o xogo libre. Cada un destes momentos de lecer e aprendizaxe están

supervisados polos seus correspondentes monitores. Este servizo non ten custo para as familias, e no 2021 puideron tomar parte os nenos nados dende o 2014 ata o 2017.

Este programa é xa senlleiro no concello coruñés, xa que a súa celebración comezou no ano 2008 para dar resposta ás necesidades das familias de Paderne.

A veciñanza, de fronte contra a violencia machista

Ata 88 concellos, entre eles o de Paderne, participaron na campaña da Deputación da Coruña ‘De Fronte’ para concienciar ante a lacra que supón a violencia machista na nosa sociedade.

O obxectivo da campaña é o de, precisamente, poder contribuir a poñerlle freo á violencia machista xerando un amplo movemento social para crear conciencia de igualdade. Ese traballo de concienciación é unha tarefa complexa pola

que loitar para chegar a todos os ámbitos da sociedade.

O goberno local organizou un acto para darlle visibilidade á

Búscase un amplo movemento social que conciencie e plante cara ao feminicidio

causa. Desde o Concello lémbrese a importancia de denunciar calquera posible caso de violencia machista no 016.

‘Liberdade de ser e sentir’ para as persoas LGTBI

O Concello de Paderne volveu unirse á campaña ‘Liberdade de ser e sentir’ da Deputación da Coruña, da que forman parte a maior parte dos municipios da provincia. O seu obxecto é normalizar e sensibilizar a socie-

dade sobre as diversidade sexuais e o seu día institucional fixado no 28 de xuño. O goberno local quixo deixar claro o seu compromiso coas persoas LGTBI pendurando a bandeira co arco da vella na Casa do Concello.



Bandeira LGTBI na Casa do Concello

Paderne impulsa un plan activo para frear o avance das velutinas



Retiráronse 114 niños deste insecto entre abril e agosto do 2020

O obxectivo pasa por mitigar os graves danos producidos en cultivos

Co obxectivo de reducir os graves danos ocasionados na biodiversidade e na economía local, o Concello de Paderne leva impulsando nos últimos

anos unha serie de medidas para o control e erradicación da avespa velutina.

Neste sentido, só entre os meses de abril e agosto do 2020 procedeuse á retirada de 114 niños de diferentes tamaños de terreos particulares e espazos públicos. Ademais, dispuxéronse trampas para facilitar a retirada dos insectos, que supoñen unha ameaza para as explotacións locais.

Liña de actuación cun importe de 10.000 euros

Dentro do plan de actuación contra a avespa velutina, o Concello de Paderne recibiu unha contía de 10.000 euros dentro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020. Esta subvención está outorgada

pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ten o propósito de sufragar actuacións globais destinadas á conservación, equilibrio e restauración do ecosistema medioambiental.

A protección do medio ambiente como motor local

O compromiso co medio ambiente é un dos principais motores de Paderne. Como un dos municipios adheridos ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, Paderne definiu unhas liñas de actuación mediante a sinatura do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES). Trátase

dunha serie de medidas claras coas que colaborar nun proceso global para intentar poñerlle freo ao cambio climático.

O goberno local solicitou unha partida de 4.000 euros para o proxecto de creación da memoria sobre a realización do PACES. Esta subvención está cofinanciada

polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Entre os compromisos acordados está o de adoptar un enfoque de traballo centrado en actividades sustentables e que respecten o medio ambiente.



Observatorio ornitológico de Souto

Convenio para a mellora de infraestruturas turísticas



Traballos no parque de Gende, en Chantada

Acordo da Xunta e Concello para o arranxo de fontes e prazas no Camiño

O impulso ao turismo en Paderne gaña forzas cun acordo entre o Concello e a Axencia de Turismo de Galicia, organismo dependente da Xunta de Galicia. Mediante as actuacións incluídas na “Mellora e acondicionamento

de fontes e prazas en Paderne”, proxecto dotado de 30.000 euros, realizaranse diversos traballos nas fontes de San Pantaleón, que están no Camiño Inglés, e as fontes de Souto, Vilademeus e as da praza pública de Chantada, todas nas

parroquias de Souto e Viñas e polas que pasa tamén a ruta xacobeá.

Cifras

Do importe total destas actuacións, a división do montante realízase da seguinte forma: a Axencia de Turismo de Galicia achega a cantidade de 19.500 euros, mentres que o Concello afronta o pago dos 10.500 euros restantes a cargo dos seus orzamentos municipais.

Este investimento supón unha gran mellora para o patrimonio cultural dentro do municipio padernés, tendo en conta ademais que as fontes do Camiño Inglés representan un recurso turístico e económico de gran importancia. Un impulso para Paderne e para o seu coñecemento e valoración por parte das e dos visitantes.

Gobernos locais pola diversidade biolóxica

Diversos representantes dos municipios que a nivel nacional forman a Rede de Gobernos Locais +Biodiversidade, entre eles o alcalde de Paderne, César Longo, reuníronse na IX Asemblea desta rede. Foi en formato telemático e serviu para seguir traballando na adopción de políticas locais encamiñadas á conservación e uso sostible dos recursos naturais, ao fomento do desenvolvemento rural, da súa biodiversidade e da salvagarda dos distintos ecosistemas con criterios de sustentabilidade.

Longo foi nomeado vogal do novo Consello de Goberno da Rede, constituído no ano 2007 como unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para crear un marco estable entre os diversos gobernos municipais do país.

Sogama, unha peza clave para a reciclaxe e un estilo de vida ambientalmente sostible

Sogama reivindicou no seu vixésimo aniversario, celebrado en xaneiro de 2020, o seu papel na reciclaxe e na loita por un mundo máis sostible. Nesta cita, á que acudiu o alcalde de Paderne, César Longo, inaugurouse en Cerceda a súa nova aula medioambiental e unha nova planta de compostaxe. O

rexedor remarcou o seu compromiso co medio ambiente en

As novas instalacións impulsan o cumprimento dos obxectivos de reciclaxe

Paderne e como vicepresidente da Reserva, e subliñou a

importancia dos esforzos por axustar os estilos de vida a criterios ambientais. Con esta infraestrutura posibilitase o cumprimento do obxectivo de reciclaxe que marcou a Unión Europea, ampliando a capacidade de procesamento dos residuos e converténdose nun referente a nivel europeo e mundial.



Visita en xaneiro de 2020

A memoria colectiva de Samede está de volta co seu Entroido



Unha mostra do Entroido

A Asociación Entroido de Samede busca avivar a súa identidade

O Entroido de Samede trae de volta a ilusión polas tradicións. Esta celebración quere devolverlle ao pobo o que é seu: as máscaras que formaron parte do pasado deste lugar da parroquia de San Xulián de Vigo. Xunto a elas quedan no recordo os rituais e danzas, transmitindo a memoria colectiva da xente da aldea, que fixo posible a recuperación da tradición.



Unha imaxe de arquivo

A pretensión, sinalan desde a Asociación R.C.D. Entroido de Samede, é sementar esa ilusión por manter viva unha identidade ao longo dos anos. Unha forma de mantela é, e así se constata ano tras ano, mostrándolle este entroido aos máis novos, acudindo a todos os institutos da comarca. Outro importante pulo é o recoñecemento da Sociedade Antropolóxica Galega, do Museo do Pobo Galego e de Turismo de Galicia, que participou en encontros de Entroidos internacionais, como o FIMI de Lisboa e Bulgaria, ou, por outra banda, a conferencia "Achegamento á Indumentaria Tradicional e Obradoiro Arredor do Rigor no Vestir Popular".

mento da Sociedade Antropolóxica Galega, do Museo do Pobo Galego e de Turismo de Galicia, que participou en encontros de Entroidos internacionais, como o FIMI de Lisboa e Bulgaria, ou, por outra banda, a conferencia "Achegamento á Indumentaria Tradicional e Obradoiro Arredor do Rigor no Vestir Popular".

A UNED Sénior énchese de actividades este curso



Interpretación do profesor e o alumnado

Os máis maiores están gozando dunhas tardes cheas de actividades durante este curso 2021/2022 grazas ao programa que está desenvolvendo a UNED Sénior. Trátase de citas en diferentes ámbitos, desde o deportivo á historia, pasando por outras cada vez máis necesarias para a vida diaria, como pode ser a informática.

Na oferta inclúese, cada xoves, un curso sobre a saúde pública e o envellecemento activo. Ese mesmo día, tamén se ofrece a posibilidade de realizar pilates, coa actividade física e a súa

incidencia na saúde no centro desta proposta da UNED Sénior.

No eido cultural pode aprenderse sobre cultura musical cada mércores, o mesmo día dedicado a expandir os coñecementos sobre informática. Todo iso sen esquecer unha das ofertas máis completas deste programa: a de historia da arte e patrimonio, que cada martes fai excursións en bus por toda Galicia e polo norte de Portugal. Nos últimos anos visitáronse lugares como Caldas de Reis ou o santuario de San Andrés de Teixido.

'Tai chi', ioga e risoterapia no Consello de Maiores

O Consello de Maiores de Paderne ofrece un programa de actividades variadas para este curso. Nesa listaxe de cursos pode atoparse o de 'tai chi', o de ioga e tamén un de risoterapia. Esta asociación cumpre 18 anos dinamizando a vida de máis de 485 socios e socias.

Para elas utilízanse, como informa o propio Consello nun

comunicado para as persoas usuarias, as instalacións do local social de Vigo durante un total de tres tardes á semana, todas de 16:30 horas ás 18:00 horas. Os martes é o momento das clases de 'tai chi', mentres que o xoves está reservado para os alumnos que acoden a ioga. Os venres, por último, é o momento dos que están apuntados ao curso de risoterapia.

RESERVA

Como vicepresidente da Reserva, César Longo participou en numerosos proxectos de dinamización rural no territorio

Curso sobre xestión para explotar hortas ecolóxicas

O edificio do coworking de Souto acolle formacións organizadas pola Reserva

O espazo de coworking situado en Souto acolleu durante tres xornadas do pasado mes de novembro un curso sobre a xestión empresarial dunha explotación hortícola ecolóxica. A formación levouse a cabo grazas á organización da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, co alcalde de Paderne e vicepresidente

da entidade, César Longo, participando na inauguración deste evento. Ao mesmo tempo contou coa colaboración da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Os contidos desta formación xiran arredor dos conceptos esenciais para a xestión dunha explotación agraria. Entre eles inclúese o plan empresarial, a análise dos custos ou as ferramentas para a contabilidade, tratando ademais as estratexias para mellorar o nivel de ingresos e reducir os gastos, con propostas prácticas para unha mellor xestión.



Inauguración do curso

Oportunidade

Este tipo de formacións axudan a darlle un novo pulo á actividade profesional no sector agrario e confórmanse como unha gran oportunidade. Na actualidade exist-

ten máis posibilidades en propostas que recollen a necesidade da sustentabilidade na produción, como é o caso da explotación ecolóxica, que foi a protagonista deste curso no municipio.

Formación na venda de ovos

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, en colaboración coa Consellería de Medio Rural, realizou a xornada 'Posibilidades de venda de ovos procedentes de explotacións avícolas artesanais' no coworking de Souto. Trátáronse temas como a posibilidade da venda directa de ovos, as explotacións avícolas artesanais, a instalación de pequenos centros de embalaxe ou o caso real de envasado e comercialización de ovos. A actividade estivo dirixida a agricultores en activo, a outras persoas do sector ou a aqueles con perspectiva de incorporarse a el.

A Reserva afiánzase como gran destino gastronómico

Os restaurantes da Reserva da Biosfera queren avanzar na oferta de calidade para atraer a máis clientes que veñan a degustar especificamente os pratos dos locais da Marca de Calidade da Reserva. Foi mediante unha formación presencial para mellorar a competitividade e que estivo impartida na Reitoral de Cines polo cociñeiro galego con dúas estrelas Michelin Javier Olleros, do restaurante Culler de Pau. Aprendéronse

novas técnicas para o tratamento dos produtos locais, métodos de cociña, os menús 'km0', a economía circular ou técnicas de conservación e rexeneración de ali-

mentos. A formación complementábase con titorías personalizadas con Olleros e o seu equipo ou cunha plataforma telemática para a consulta dos contidos.



Formación presencial do curso

Impulso directo para viños galegos

O Pazo da Cultura de Pontevedra acolleu a presentación do proxecto de cooperación 'Dinamización e promoción das IXP de Viños de Galicia', para o impulso das Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) en territorio galego.

Entre os presentes non podía faltar o Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, que segue coas estratexias que consoliden o traballo que se fai na Reserva da

Biosfera ao amparo da IXP Viño da Terra de Betanzos. Este proxecto ten un orzamento de 100.000 euros e o acto contou con seis Grupos de Desenvolvemento Rural e cinco adegas das catro indicacións protexidas de Galicia. Está cofinanciado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

RESERVA

Varias iniciativas turísticas da Reserva recibiron este ano o recoñecemento de administracións nacionais e europeas

Fondos europeos para un destino referente mundial



Mapa de destino ecoturístico da Reserva

Este plan contén catro eixos para dinamizar o turismo

Novo recoñecemento para a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. O seu importante labor no territorio inclúe agora

a aprobación do seu Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, un proxecto co que dispoñerá dos fondos europeos Next Generation. Eses cartos, destacan desde a entidade tanto o presidente, José Antonio Santiso, coma o vicepresidente e alcalde de Paderne, César Longo, avalan o inxente traballo que se está realizando desde a propia Reserva.

Agora, con este novo plan, búscase dinamizar o turismo, mediante novos produtos que aproveiten os

O proxecto da Reserva busca dinamizar o turismo cunha maior eficiencia enerxética

recursos endóxenos, que en moitos casos están sendo infrauti-

lizados. Farase cunha xestión respectuosa que cumpra cos valores ecolóxicos e ambientais e reformando a Marca.

O Plan de Sustentabilidade Turística en Destino está formado por un total de catro eixos: unha transición verde e sostible, unha mellora da eficiencia enerxética, a transición dixital e, por último, un reforzo da competitividade. Trátase de dinamizar a Marca Reserva da Biosfera, a súa vinculación coa sustentabilidade, a calidade e os produtos 'Km0', centrando as actuacións na redución da pisada de carbono coa incorporación do seu cálculo e rexistro nas actividades e servizos turísticos. Tamén se busca ofrecer novas estratexias para a súa compensación por parte dos axentes públicos e privados da área.

Chega a Galicia o Congreso de Ecoturismo

A Reserva traerá en 2022 o VI Congreso de Ecoturismo de España por primeira vez a Galicia. É o gran evento sobre turismo, un "apoio indiscutible" para as empresas, sinalou o vicepresidente, César Longo.

Distinción en Fitur á calidade dos restaurantes

Mariñas Coruñesas recibiu na feira Fitur 2021 en Madrid a distinción de calidade turística do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Este galardón chega como recoñecemento polo seu proxecto de envases ecolóxicos para a comida para levar dos seus restaurantes.

Visita dende Honduras para coñecer o exemplo das Mariñas Coruñesas

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo recibiu a visita de representantes de catro Reservas de Biosfera de Honduras. O obxectivo: coñecer o funcionamento da entidade, desde o sistema de xestión

ata o traballo da marca de calidade e os establecementos adheridos. A delegación internacional acudiu a Paderne, onde visitaron exemplos de empresas co selo de calidade e puideron catar diversos produtos típicos locais.



A delegación hondureña

Innovador catamarán eléctrico no río Mandeo

Un catamarán 100% eléctrico facilitará o coñecemento do patrimonio da Reserva da Biosfera. Pode levar sete ou oito ocupantes e, a maiores, unha cadeira de rodas. As rutas percorren as augas do río Mandeo.

RESERVA

A riqueza da biodiversidade nas Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo converteuse nunha das claves do éxito

Ecocomedores: aprender a comer san desde pequenos

Máis de 2.000 escolares forman parte da iniciativa

A Reserva da Biosfera continúa apostando polos ecocomedores escolares, que apoian o consumo saudable e de produtos de proximidade e ecolóxicos.

A entidade, da que forma parte Paderne, comezou unha nova fase do proxecto para afianzalo e ampliálo marcando novas metas. Foi nunha xornada, baixo o título 'Ecocomedores da Biosfera:



O alcalde de Paderne, durante a xornada

ferramenta para un cambio social', celebrada en Abegondo. A iniciativa aproveita a calidade dos produtos galegos, o que permite exportar sen ningún problema o programa cara a outras zonas da comunidade.

2.000 escolares É importante que os rapaces desde

ben novos introduzan o hábito de consumir produtos ecolóxicos e de proximidade. Son xa 2.000 os escolares que forman parte dos ecocomedores. Aínda así, recórdase que a rapazada rexeita cada vez máis as verduras segundo vai medrando. A análise do traballo feito ata o de agora tamén

incide na falta dalgún produto nos menús diarios. Proponse impartir formación para crear estas táboas de comidas, guías, vídeos de verduras ou unha planificación aberta para introducir produtos de tempada. Este proxecto marca o paso no consumo saudable e no aumento de escolas no programa.

A píntega, especie do ano na Reserva

Unha xornada informativa serviu para explicar os detalles da píntega, especie singular da Reserva do Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Mediante este evento, realizado no Centro Social da Rúa, na Biblioteca de Miño, puido coñecerse un pouco máis da *Salamandra salamandra*. Alí reuníronse veciñas e veciños para escoitar de primeira man a doutores en bioloxía, profesores universitarios e ao Grupo Naturalista Hábitat, que puxeron en valor a especie. No acto de apertura participou o vicepresidente da Reserva e alcalde de Paderne, César Longo.

A Ruta da Auga pola marxe da ría

Co nome de 'Ruta da Auga e da Biosfera', a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo incorpora unha nova iniciativa. Trátase dun percorrido pola marxe da ría de Betanzos en Paderne. Inclúe a observación de aves, a visita a muíños ou a degustación de produtos, baixo o prisma do ecoturismo. O roteiro incorporase ás rutas temáticas xa presentes na Reserva, que se

comercializan xunto ao empresariado do territorio. O vicepresidente da Reserva e alcalde de Paderne, César Longo, destacou que esta contorna "é das máis emblemáticas e tradicionais a nivel de produción agroalimentaria". Así, trátase dunha produción que supón a mestura perfecta na visita co patrimonio natural e cultural, nunha unión entre "valores ambientais e etnográficos", engadiu.

O roteiro agroalimentario ábrese ao turismo nacional

Diferentes expertos turísticos comprobaron o pasado mes de xullo os encantos da Ruta Agroalimentaria das Mariñas en Paderne. Esta visita busca situar no mapa nacional este tipo de escapadas, que se ofertan pola Reserva da Biosfera en todo o territorio a través do prestixioso catálogo do Club de Ecoturismo. A recepción de touroperadores, maioristas, representantes de axencia de

viaxes, blogueiras e axentes turísticos correu a cargo do vicepresidente da entidade e alcalde de Paderne, César Longo. As persoas asis-

tentes achegáronse a empresas certificadas coa Marca de Calidade da Reserva e viviron experiencias sobre o patrimonio natural e cultural.



Visita dos expertos turísticos

Paderne enxalza os seus encantos turísticos na 'Primavera no Camiño'

O municipio presenta os seus produtos nun evento dedicado á ruta inglesa ata Santiago

A Praza de Armas de Ferrol foi testemuña o pasado mes de xuño dun amplo abano de actividades para celebrar a 'Primavera no Camiño Inglés', un festexo que encarou xa a súa cuarta edición.

A localidade departamental acolleu a Paderne e o resto de municipios polos que pasa esta ruta cara a Compostela cun posto individual para cada un deles. No padernés foi o rexedor, César Longo, o que tomou a palabra para comentar a información relativa aos produtos que o peregrino pode



Foto de familia fronte ao posto de Paderne

degustar na localidade. Así, mencionou as empresas representadas neste evento: poden citarse as de agricultura ecolóxica Seitura ou Orballo; casas de turismo rural como A Cobacha e Casa Sixto; empresas de ocio como MarMar e Corax; e información sobre Queixos Cagiao. Os alcaldes das outras localidades explicaron tamén os atractivos e posibilidades dos seus respectivos concellos. César Longo tivo tempo para coñecer as propostas do resto dos presentes e analizar as súas potencialidades.

Fomento das viaxes de lecer dentro do país co programa 'Elixé Galicia'

A promoción do turismo dentro da propia Comunidade contou co apoio económico do programa 'Elixé Galicia'. Se ben esta iniciativa xa xurdiu a comezos de 2020, tivo que ser aprazada e readaptada polo contexto

sanitario. Consiste en subvencións á cidadanía para que opten por quedarse en Galicia para as súas viaxes de lecer aforrando unha parte do prezo. Inclúe vacacións en zonas costeiras, rutas de patrimonio históri-

co e cultura, de natureza e montaña e estadias en balnearios. Os grupos que podían optar a esta contía económica eran os pensionistas e as súas parellas, as familias, así como as persoas menores de 30 anos.

Moitas posibilidades

Como engadido aos postos de información, houbo tempo para os *showcooking*s con degustacións do Camiño, para obradoiros de barro e pan para os máis pequenos e pequenas da casa, sesións de maxia, música tradicional ou exposicións.



Produtos da Biosfera, premio no torneo Terra das Mariñas

Apoio ao deporte e aos alimentos da Reserva da Biosfera no III Torneo de Golf Terra das Mariñas, que tivo lugar no campo de Miño. A entrega de trofeos tamén incluíu o agasallo de produtos típicos aos gañadores.

Verán de deporte nos campamentos

Kaiak, bicicleta, multiaventura, orientación deportiva, xogos populares ou xincanas foron unha parte das actividades que se realizaron nos campamentos de verán de Paderne, que estiveron supervisadas por profesionais. Co obxectivo de encher

de deporte e de entretemento as mañás de verán nas que non teñen clase, os rapaces nados entre o 2009 e o 2013 puideron desfrutar duns campamentos que tiveron lugar no polideportivo municipal e na praza dos Desamparados de Souto.

Xela Arias, 'Aquela nena de Sarria' coa bandeira das Letras Galegas

A Casa do Concello acolleu unha exposición sobre a poeta durante o mes de maio

A poeta, tradutora e mestra sarriana Xela Arias foi a figura literaria escollida este ano para conmemorar a edición deste 2021 das Letras Galegas. A Casa do Concello de Paderne acolleu durante o inicio do mes de maio a exposición 'Aquela nena de Sarria', un proxecto desenvolvido polo co-



Ilustración de Xela Arias

lectivo Egerio baixo o patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Sarria e da Real Academia Galega. Deste xeito, a mostra estivo dispoñible coas correspondentes medidas preventivas para evitar contaxios por covid-19.

Adaptación

Os tradicionais actos de conmemoración que nos últimos anos se estaban a realizar no Campo da Escola, en Insua (Viñas), tiveron que cancelarse por mor das complicacións da situación sanitaria.

A novena edición do Festival Atlántica achega a Paderne os contos de Celso F. Sanmartín

Coa chegada do ano 2021, o Festival Internacional de Narración Oral Atlántica alcanzou a súa novena edición. Un dos 27 municipios escollidos para acoller actividades dentro deste evento foi, por primeira vez, o de Paderne.

Así, o día 4 de xullo e baixo a organización da Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia, a Asociación Entroido de Samede e o Concello de Paderne, o poeta e contacontos lalinense Celso Fernández Sanmartín foi o protagonista na praza de San Xulián de Vigo.

Baixo o título 'Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca?', o autor conduciu o público asistente a través dunha historia ligada á tradición oral galega. Foi, ademais, unha nova xornada cultural

O autor conduciu o público a través dunha historia ligada á tradición oral galega

marcada polas restricións en canto a capacidade e medidas de para previr contaxios pola covid-19.



Cartel do IX Festival Atlántica

PROGRAMACIÓN DE

NADAL

17 DE DECEMBRO DE 2021

FESTA DE NADAL NAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Debido ás medidas que debemos adoptar pola covid-19, este ano tampouco se poderán reunir as dúas escolas de educación infantil do concello para a celebración conxunta da festa de Nadal.

Pero queremos seguir mantendo a ilusión da rapazada, así que Papá Noel, acompañado polos seus paxes, será o que se desprace a cada unha delas.

Será o venres 17 de decembro. Este día recollerá as cartas que lle escribiron e falará con eles dos seus desexos para estas datas, participarán en xogos de animación e, ao remate, todos poderán levar unha foto de recordo.

4 DE XANEIRO DE 2022

CABALGATA DE REIS

Como o ano pasado, a Comitiva Real irá percorrendo todas as parroquias desde as primeiras horas da mañá para que grandes e pequenos poidan entregarlles aos Reis as súas peticións para a noite do día 5.

Os nenos e nenas que desexen falar por videoconferencia coas Sús Maxestades, poderán facelo ese mesmo día pola tarde; para iso, teñen que chamar ao Concello antes do día 30 de decembro deixando os seus datos e un teléfono de contacto co fin de que se poida concertar unha hora e realizar a chamada.

A covid-19 segue a marcar a dinámica de todos os actos, pero non por iso diminúe a ilusión coa que grandes e pequenos encaran estas datas de Nadal. En Paderne queremos seguir mantendo as nosas tradicións e, na medida do posible, a ilusión de todos e todas.





Benqueridos veciños e veciñas,

Levamos vivindo uns meses especialmente difíciles; a pandemia chegou de imprevisto cambiando o noso día a día e alterando enormemente as nosas vidas.

Tivemos que adaptarnos a outra maneira de traballar e de relacionarnos, pero tamén axudou a que nos botásemos de menos, a que nos désemos conta dos fortes lazos que nos unen, iso a covid-19 non o puido cambiar; como tampouco cambiou os meus anhelos para todos os veciños e veciñas. Téñovos sempre presentes e sigo loitando polo voso benestar.

Agora, nestas datas tan sinaladas, quero transmitirvos en nome de toda a Corporación e do persoal do Concello os nosos mellores desexos, que teñades un bo Nadal e unhas felices festas.

Agardo, de todo corazón, que o 2022 estea cheo de grandes éxitos, de alegrías e, sobre todo, de saúde para todos.

Unha forte e cariñosa aperta.

O voso alcalde,
César Longo

